



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA




INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Outubro 2022

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un incremento do 30,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 0,7 puntos superior á do mes de setembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 15,6%, 4,5 puntos menos que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 37,4% e nos Outros servizos o 14,7%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,4% e en España un 2,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado no mes de outubro agás Aragón, Cantabria e Navarra.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un incremento do 30,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 0,7 puntos superior á do mes de setembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 15,6%, 4,5 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 37,4%, suma 25,6 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 14,7% e achegan 4,6 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 16,7% e nos *Outros servizos* o 13,5%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 51,6%, co que achega 23,8 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 0,4% e o *Comercio ao retalho* un 9,1%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 19,2%, o *Comercio ao retalho* o 10,9% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 15,9%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 14,7%. Todos os sectores aumentan a súa facturación agás as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-8,6%). O maior incrementos rexístranse no *Transporte*, 20,2%, co que achega 3,0 puntos a taxa de variación do índice xeral.

En España, os *Outros servizos* crecen o 18,7%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte* (15,8%), na *Hostalería* (14,5%), e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (20,6%).

Nos dez primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 28,1% en Galicia e un 21,7% no conxunto de España. O *Comercio* crece en Galicia un 27,1% e os *Outros servizos* un 30,8%. España rexistra taxas inferiores, 21,1% no *Comercio* e 22,9% nos *Outros servizos*.

Todos os sectores rexistran taxas positivas. En Galicia, os maiores incrementos rexístranse no *Comercio por xunto* (33,9%), *Transporte* (39,5%) e *Hostalería* (50,7%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 13,4% no mes de outubro.

Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o *Comercio*, cun crecemento do 29,2% co que achega 8,8 puntos, o *Transporte*, cunha taxa do 17,6% co que suma 2,3 puntos e *Información e comunicacións*, que achega 1,8 puntos, cunha taxa do 20,4%. En senso contrario, as *Actividades administrativa e servizos auxiliares* diminúen un 12,5%.


No que vai de ano, o índice rexistra unha taxa do 23,0%. Os maiores crecementos danse no *Transporte* (28,9%) e *Hostalería* (44,0%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 30,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 13,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de outubro aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos danse en Galicia (30,2%) e Illes Balears (28,1%). Os menores incrementos rexístranse en Extremadura (3,4%) e Castilla - La Mancha (6,7%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos da cifra de negocios son Illes Balears (46,6%) e Canarias (36,7%). As comunidades autónomas con menores crecementos son Murcia (11,6%) e Castilla - La Mancha (13,3%).

Índices de cifra de negocios. Outubro 2022

Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,4% respecto ao mes de outubro de 2021, 1,3 puntos menos que en España (2,7%).

O persoal ocupado crece un 1,1% no *Comercio* e un 1,7% nos *Outros servizos*. O maior incremento dáse na *Hostalería* (7,7%) mentres que rexistran taxas negativas a *Venta e reparación de vehículos de motor* (-2,9%), o *Transporte* (-2,2%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-1,8%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacións* (6,0%) e na *Hostalería* (5,0%).



No que vai de ano, a ocupación crece un 2,8% en Galicia e un 4,3% no conxunto de España. O maior incremento dáse na *Hostalería*, 10,4% en Galicia e 11,5% en España. O *Transporte e a Venta e reparación de vehículos de motor* rexistran taxas negativas en Galicia, -0,7% e -0,9% respectivamente, mentres que a nivel nacional todos os sectores rexistran taxas positivas.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de outubro con respecto ao mesmo mes do ano 2021 agás Aragón (-1,0%), Cantabria (-0,1%) e Navarra (0,0%). As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (7,8%) e Canarias (4,3%).

No acumulado do ano, os maiores crecementos danse en Illes Balears (14,0%) e Canarias (6,3%). As comunidades con menores incrementos son Aragón (0,8%), Castilla y León (1,7%) e La Rioja (1,8%).

Índices de persoal ocupado. Outubro 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Outubro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	170,7	30,2	28,1
Comercio	164,3	37,4	27,1
Venta e reparación de vehículos de motor	114,4	0,4	11,9
Comercio por xunto	184,6	51,6	33,9
Comercio ao retallo	125,6	9,1	10,7
Outros servizos	189,3	14,7	30,8
Transporte	272,4	20,2	39,5
Hostalería	116,3	10,1	50,7
Información e comunicacións	140,7	17,5	17,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	159,8	9,6	6,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,4	-8,6	14,9
España			
Xeral	148,0	15,6	21,7
Comercio	152,7	16,7	21,1
Venta e reparación de vehículos de motor	139,1	15,9	7,4
Comercio por xunto	168,6	19,2	26,7
Comercio ao retallo	126,4	10,9	13,3
Outros servizos	139,5	13,5	22,9
Transporte	148,0	15,8	25,7
Hostalería	124,6	14,5	50,2
Información e comunicacións	122,3	6,8	9,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	160,0	11,5	10,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	136,7	20,6	34,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Outubro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	153,4	13,4	23,0
Comercio	154,3	29,2	24,0
Transporte	211,8	17,6	28,9
Hostalería	122,3	5,5	44,0
Información e comunicacións	142,2	20,4	21,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	157,5	5,6	7,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,3	-12,5	1,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Outubro 2022

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	148,0	15,6	21,7
Andalucía	140,5	17,0	19,0
Aragón	148,8	13,5	18,5
Asturias	143,1	12,0	17,2
Baleares, Illes	139,8	28,1	46,6
Canarias	133,8	18,9	36,7
Cantabria	147,9	9,4	15,5
Castilla y León	131,7	9,6	14,3
Castilla-La Mancha	149,1	6,7	13,3
Cataluña	140,2	14,3	20,5
Comunitat Valenciana	142,2	9,2	17,1
Extremadura	143,4	3,4	15,0
GALICIA	170,7	30,2	28,1
Madrid	160,4	17,3	24,8
Murcia	135,0	8,5	11,6
Navarra	161,9	19,5	22,0
País Vasco	150,3	14,2	17,2
Rioja, La	148,5	7,1	14,0

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Outubro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	109,3	1,4	2,8
Comercio	110,2	1,1	1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	94,2	-2,9	-0,7
Comercio por xunto	123,4	0,4	1,0
Comercio ao retalho	106,0	2,4	3,1
Outros servizos	108,5	1,7	3,4
Transporte	101,9	-2,2	-0,9
Hostalería	100,5	7,7	10,4
Información e comunicacións	118,2	2,8	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,4	1,9	2,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	117,6	-1,8	1,0
España			
Xeral	111,0	2,7	4,3
Comercio	108,0	1,6	2,0
Venta e reparación de vehículos de motor	105,7	1,0	1,2
Comercio por xunto	113,1	1,9	1,6
Comercio ao retalho	105,2	1,5	2,4
Outros servizos	112,9	3,4	5,8
Transporte	111,5	2,8	3,3
Hostalería	106,3	5,0	11,5
Información e comunicacións	120,7	6,0	5,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	112,4	3,5	3,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,6	1,3	4,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Quadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Outubro 2022

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	111,0	2,7	4,3
Andalucía	107,7	2,5	4,5
Aragón	108,7	-1,0	0,8
Asturias	107,5	1,6	2,9
Baleares, Illes	120,5	7,8	14,0
Canarias	107,0	4,3	6,3
Cantabria	107,6	-0,1	2,8
Castilla y León	102,8	0,2	1,7
Castilla-La Mancha	111,4	2,1	3,8
Cataluña	114,1	3,8	5,4
Comunitat Valenciana	111,9	1,0	2,9
Extremadura	109,3	3,6	4,8
GALICIA	109,3	1,4	2,8
Madrid	112,8	3,8	4,4
Murcia	116,9	1,6	3,4
Navarra	109,2	0,0	3,3
País Vasco	106,9	1,2	2,0
Rioja, La	108,3	0,1	1,8

Fonte:INE